

antes do 1 de xaneiro de 2007 regularanse polas disposicións establecidas no artigo 27 da Lei 19/1994, segundo a súa redacción vixente o 31 de decembro de 2006.

2. Os investimentos anticipados realizados nun período impositivo iniciado antes do 1 de xaneiro de 2007 consideraranse materialización da reserva para investimentos de beneficios obtidos noutro período impositivo posterior iniciado, igualmente antes desta data, e regularanse polas disposicións establecidas no artigo 27 da Lei 19/1994, segundo a súa redacción vixente o 31 de decembro de 2006.

Disposición transitoria terceira. *Zona Especial Canaria.*

As entidades que obtiveran autorización para a inscrición no Rexistro Oficial de Entidades da Zona Especial Canaria con anterioridade ao 31 de decembro de 2006 rexeranse ata o 31 de decembro de 2008 polas disposicións da Lei 19/1994, segundo a súa redacción vixente o 31 de decembro de 2006.

Disposición derogatoria única. *Zona Especial Canaria.*

A partir da entrada en vigor deste real decreto lei queda derogado o capítulo IV do título V da Lei 19/1994.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación normativa.*

O Goberno ditará cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e a aplicación do establecido neste real decreto lei.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 29 de decembro de 2006.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

22953 *REAL DECRETO LEI 13/2006, do 29 de decembro, polo que se establecen medidas urxentes en relación co programa PREVER para a modernización do parque de vehículos automóbiles, o incremento da seguridade viaria e a defensa e protección do ambiente. («BOE» 312, do 30-12-2006.)*

En virtude do Real decreto lei 6/1997, do 9 de abril, e, meses despois, da Lei 39/1997, do 8 de outubro, aprobouse o programa PREVER para a modernización do parque de vehículos automóbiles, o incremento da seguridade viaria e a defensa e protección do ambiente. Este programa baséase en beneficios fiscais, segundo o caso, no imposto especial sobre determinados medios de transporte (IEDMT) o no imposto persoal do vendedor (imposto sobre sociedades ou imposto sobre a renda das persoas físicas) que se aplican con ocasión da adquisición de vehículos de turismo e de vehículos industriais lixeiros, novos ou usados, sempre que se dea de baixa para desmantelamento un vehículo equivalente dunha antigüidade determinada.

Desde a súa posta en marcha, as matriculacións e adquisicións de vehículos que se acolleron ao programa

PREVER foron numerosas e, desde esa perspectiva, débese sinalar que o programa cumpriu os seus obxectivos. Non obstante, superado o seu impacto inicial, a permanencia estrutural de tales beneficios fiscais vailles restando eficacia incentivadora xa que, na medida en que a súa existencia se dá por descontada, reducen aínda máis o seu xa limitado efecto sobre a decisión dos compradores de adquirir un vehículo.

Por esta razón, aínda que o programa PREVER naceu inicialmente cunha vixencia indefinida, xa a Lei 14/2000, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, estableceu que este programa finalizaría o día 1 de xaneiro de 2004, aínda que esta data de finalización foi trasladada despois ao día 1 de xaneiro de 2007 pola Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

A previsión de que nun futuro próximo se leve a cabo unha reestruturación, desde a perspectiva ambiental, da fiscalidade que incide sobre os medios de transporte, aconsella, en termos xerais, manter durante 2007 a vixencia do programa PREVER mentres se definen os criterios da dita reestruturación. Non obstante, resulta aconsellable reducir desde o 1 de xaneiro de 2007 o contido deste programa nos termos que se indican a continuación.

De acordo co exposto, fíxase no día 1 de xaneiro de 2008 a data da desaparición definitiva do programa PREVER. Non obstante, este programa deixará xa de aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2007 aos turismos novos de cilindrada igual ou superior a 2.500 cc e aos vehículos usados. Tamén se deixará de aplicar a partir do día 1 de xaneiro de 2007 a dedución extraordinaria suplementaria coñecida como «Programa PREVER-gasolina», nacida no seu momento como unha medida de apoio específico á renovación de vehículos que só podían utilizar gasolina con chumbo como carburante, e cuxo mantemento hoxe en día carece de xustificación.

Por último, en canto á necesidade de recorrer á figura xurídica do real decreto lei, débese destacar que, por unha parte, as medidas tributarias que se adoptan están sometidas ao principio de reserva de lei. Por outra parte, unha tramitación parlamentaria ordinaria non permite, no momento actual, que esta medida entre en vigor antes do día 1 de xaneiro de 2007, o que suporía unha discontinuidade non desexable no tratamento fiscal dos vehículos afectados que sería contraria, ademais, aos obxectivos pretendidos sinalados máis arriba. Por outra parte, o prolongado período de tempo derivado dunha tramitación parlamentaria ordinaria que discorre entre o coñecemento público da medida e a súa entrada en vigor podería distorsionar decisións de compra dos medios de transporte afectados e, na mesma medida, afectar negativamente o mercado.

Na súa virtude, facendo uso da autorización contida no artigo 86.1 da Constitución española, por proposta do vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Economía e Facenda, logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 29 de decembro de 2006,

DISPONGO:

Artigo 1. *Modificación da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais.*

Con efectos a partir da entrada en vigor deste real decreto lei, modifícase o artigo 70 bis da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais, que quedará redactado como segue:

«Artigo 70 bis. *Dedución da cota.*

1. Os suxeitos pasivos que sexan titulares dun vehículo automóbil de turismo usado, que cumpra

as condicións establecidas no punto 2 seguinte, terán dereito a practicar, na cota do imposto exixible con ocasión da primeira matriculación definitiva ao seu nome dun vehículo automóbil de turismo novo que cumpra os requisitos establecidos no punto 3 seguinte, unha dedución cuxo importe, que en ningún caso excederá do da propia cota, será de 480,81 euros.

2. O vehículo automóbil de turismo usado a que se refire o punto anterior deberá:

a) Ter, no momento en que sexa aplicable a dedución a que se refire este artigo, unha antigüidade igual ou superior a dez anos, contada desde a data en que fose obxecto da súa primeira matriculación definitiva.

Cando a primeira matriculación definitiva non tivese lugar en España, requirirase, ademais da antigüidade a que se refire o parágrafo anterior, que o vehículo automóbil de turismo usado fose obxecto de matriculación definitiva en España, polo menos seis meses antes da baixa definitiva por desmantelamento a que se refire a letra b) seguinte.

b) Ter sido dado de baixa definitiva para desmantelamento e non ter transcorrido máis de seis meses desde a dita baixa ata a matriculación do vehículo automóbil de turismo novo.

3. O vehículo automóbil de turismo novo a que se refire o punto 1 deberá ter unha cilindrada inferior a 2.500 centímetros cúbicos.

4. Os requisitos anteriores acreditaranse no momento de efectuar a primeira matriculación definitiva do vehículo automóbil de turismo novo, xustificándose ao xustificante de ingreso do imposto o documento acreditativo da baixa definitiva do correspondente vehículo automóbil de turismo usado, expedido pola Dirección Xeral de Tráfico ou os correspondentes órganos dependentes dela.»

Artigo 2. *Modificación da Lei 39/1997, do 8 de outubro, pola que se aproba o programa PREVER para a modernización do parque de vehículos automóbiles, o incremento da seguridade viaria e a defensa e protección do ambiente.*

Con efectos a partir da entrada en vigor deste real decreto lei, modifícase o artigo 3 da Lei 39/1997, do 8 de outubro, pola que se aproba o programa PREVER para a modernización do parque de vehículos automóbiles, o incremento da seguridade viaria e a defensa e protección do ambiente, que quedará redactado como segue:

«Artigo 3.

1. As persoas que se indican no punto 4 deste artigo poderán deducir da cota íntegra do imposto sobre sociedades ou da cota íntegra do imposto sobre a renda das persoas físicas o importe das bonificacións outorgadas a compradores e, de ser o caso, arrendatarios financeiros de vehículos industriais novos de menos de 6 toneladas de peso máximo autorizado, sempre que estes compradores ou arrendatarios financeiros xustifiquen que deron de baixa para o desmantelamento outro vehículo industrial de menos de 6 toneladas de peso máximo autorizado de que sexan titulares e que concorran as seguintes condicións:

a) Que o vehículo para o desmantelamento teña máis de sete anos de antigüidade desde a súa primeira matriculación definitiva. Cando a primeira

matriculación definitiva non tivese lugar en España, requirirase, ademais da antigüidade a que se refire o parágrafo anterior, que o vehículo para desmantelamento fose obxecto de matriculación definitiva en España, polo menos un ano antes da súa baixa definitiva para desmantelamento.

b) Que tanto o vehículo novo coma o vehículo para o desmantelamento estean comprendidos nos puntos 23 ou 26 do anexo do Real decreto lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, polo que se aproba o texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria, así como nalgún dos supostos de non-suxeición do imposto especial sobre determinados medios de transporte recollidos na alínea a) do punto 1 do artigo 65 da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais.

2. A dedución na cota íntegra a que se refire o punto anterior non será superior a 480,81 euros por vehículo.

3. A bonificación non será deducible se transcorreron máis de seis meses desde a baixa do vehículo antigo ata a matriculación do novo vehículo.

4. A dedución recollida no punto 1 deste artigo será aplicada polo fabricante, polo primeiro receptor en España ou, de ser o caso e en lugar destes, por quen manteña relacións contractuais de distribución co concesionario ou vendedor final.

Neste caso, o concesionario ou vendedor final do vehículo aplicará a bonificación no prezo deste, pero esta bonificación non afectará á base nin á cota do imposto sobre o valor engadido.

Dun modo análogo a bonificación que se lles efectúe aos adquirentes nas illas Canarias non afectará á base nin á cota do imposto xeral indirecto canario que grave as operacións de entrega de vehículos novos.

No suposto de arrendamento financeiro, o importe da bonificación integrarase na base imponible do imposto sobre o valor engadido e do imposto xeral indirecto canario.

O suxeito pasivo a cuxo cargo se aboe a bonificación a que se refire o presente artigo reintegraralle ao concesionario ou vendedor final o importe da bonificación, co tope da contía da dedución establecida no punto 2, e este facilitaralle a aquel as facturas xustificativas da aplicación da bonificación e os certificados de baixa dos correspondentes vehículos, para efectos de xustificación das deducións que estes efectúan no imposto sobre sociedades ou no imposto sobre a renda das persoas físicas.

5. O cumprimento dos requisitos exixidos nos anteriores puntos farase constar nos certificados de baixa dos correspondentes vehículos expedidos pola Dirección Xeral de Tráfico ou polos órganos competentes dependentes dela.

6. O importe da dedución a que se refire o punto 1 deste artigo terá a mesma consideración que as retencións e ingresos á conta para os efectos da dedución e, de ser o caso, devolución, reguladas no artigo 46 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto lexislativo 4/2004, do 5 de marzo, e nos artigos 79 e 103 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non-residentes e sobre o patrimonio, así como en relación cos pagamentos fraccionados que o suxeito pasivo estivese obrigado a efectuar.»

Disposición derogatoria única. *Finalización do programa PREVER para a modernización do parque de vehículos automóbiles, o incremento da seguridade viaria e a defensa e protección do ambiente.*

Con efectos a partir da entrada en vigor deste real decreto lei, modifícase o punto catro da disposición derogatoria única da Lei 14/2000, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, que quedará redactado da seguinte maneira:

«Catro. Con efectos a partir do día 1 de xaneiro de 2008, quedarán derogadas as seguintes disposicións:

a) O artigo 70 bis da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais.

b) O artigo 3 da Lei 39/1997, do 8 de outubro, pola que se aproba o programa PREVER para a modernización do parque de vehículos automóbiles, o incremento da seguridade viaria e a defensa e protección do ambiente.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2007.

Dado en Madrid o 29 de decembro de 2006.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO